

Con data 2-6-95, a Administración Sanitaria de Galicia e a Confederación Estatal de Sindicatos Médicos-Delegación Autónoma Galega (CEMS-Galicia) subscribiron un Acordo sobre Aspectos retributivos e demais condicións de traballo do persoal facultativo especialista de atención especializada. Dito Acordo foi autorizado polo Consello da Xunta de Galicia na súa sesión de data 16-5-95.

No apartado 5.3 do devandito Acordo, estableceuse a constitución dunha mesa técnica para o estudio e proposta de solucións da problemática relativa á ordenación de guardias médicas.

No período de desenvolvemento do referido Acordo, pola parte social foi reiteradamente reclamada a adopción de solucións tendentes a posibilita-la exención voluntaria de guardias ós profesionais que acadasen certa idade, en condicións que non supoñeran unha relevante perda nas remuneracións que configuran os seus ingresos estables polo desempeño do posto de traballo nas Institucións Sanitarias do Sergas.

A finais do mes de xuño do presente ano foi subscrito no ámbito do INSALUD un Acordo coa Confederación Estatal de Sindicatos Médicos relativo á exención de guardias médicas. Con base no devandito Acordo, no mes de setembro do presente ano, establecéronse os contactos entre a Administración Sanitaria e a Delegación Galega da CESM para efectos de acordar unha regulación nesta materia.

Malia tomarse como referencia inicial a regulación establecida no ámbito do INSALUD, pola Administración foi sometida á consideración unha proposta de distinta articulación, mediante a reorientación da organización dos servizos de guardia ós termos horarios de maior necesidade relativa (ata as 22,00 h.), axustando baixo este parámetro a estrutura de presencias na prestación de guardias, e mantendo en todo caso sen alteración a masa salarial asignada globalmente ó concepto de gardas médicas nas institucións sanitarias do Servicio Galego de Saúde.

Sobre a proposta sometida a estudio, que foi debatida por ámbalas partes, non se chegou ó acordo respecto de distintos aspectos tales como a valoración económica do concepto de atención continuada ou o índice de libranzas que resultaría de aplicación. Por todo iso, estímose aconsellable retoma-las bases iniciais e analiza-la adopción de medidas limitadas á problemática das guardias por encima de certo nivel de idades nos profesionais, en termos equiparables ó acordo de referencia.

Neste sentido, partindo da facultade que ostenta o Servicio Galego de Saúde para a determinación das condicións de prestación de servizos baixo as distintas modalidades de atención continuada, estímase conveniente posibilita-la exención de guardias para aqueles profesionais que superen os 55 anos de idade. Converse, así mesmo, que esta exención pode habilitar a aqueles profesionais facultativos exentos que así o desexen, a participar en módulos de actividade en réxime de presenza física que deben sser programados para estes efectos polas institucións sanitarias do Sergas.

En consecuencia, e como desenvolvemento do Acordo suscrito con data 2-5-95, ámbalas partes asinan o seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO PARA EXENCIÓN DE GARDAS DO PERSOAL FACULTATIVO MAIOR DE 55 ANOS.

Primeiro.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente Acordo a regulación da exención da prestación complementaria de servizos en concepto de gardas médicas para os profesionais incluídos no ámbito de aplicación, así como a definición do marco para o establecemento de módulos complementarios de actividade a realizar polos profesionais que obteñan a dispensa de realización de gardas médicas de conformidade co previsto na presente regulación.

Segundo.- Ámbito de aplicación.

O presente Acordo será de aplicación ó persoal facultativo das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde maior de 55 anos, que estea incluído no ámbito de aplicación do Real Decreto-Lei 3/87, do 11 de setembro, que reúna algún dos seguintes requisitos:

- a) Vir realizando de xeito regular e estable prestación de servizos complementaria de servizos en concepto de gardas médicas.
- b) Ter obtido por resolución expresa a exención de gardas nun prazo máximo de dous anos contados dende a data de adopción do presente Acordo

Terceiro.- Exención de gardas médicas por razóns de idade.

3.1.- O persoal facultativo incluído no ámbito de aplicación poderá solicita-la exención de gardas médicas nos termos previstos no presente Acordo.

3.2.- A exención de gardas médicas implicará a non asignación ó profesional afectado de prestación de servizos por este concepto dentro da organización do traballo da institución sanitaria correspondente. Dita exención non dará lugar a indemnización ou remuneración algunha para o profesional dispensado de tal prestación.

3.3.- A solicitude de exención de gardas médicas deberá formularse por escrito dirixido ó Director Xerente do Hospital ó que estea adscrito o profesional durante o primeiro trimestre do ano natural no que desexe acollerse a esta exención. Neste prazo poderán igualmente presenta-la solicitude aqueles profesionais que, reunindo os demais requisitos esixidos no presente Acordo, vaian a cumpri-los 55 anos durante o ano, se ben neste suposto a exención non poderá ter efectividade ata que o facultativo acade efectivamente dita idade.

As solicitudes de exención de gardas presentadas fóra do prazo sinalado serán denegadas por extemporáneas, sen prexuízo de que o profesional que desexe esta dispensa poida reitera-la súa solicitude no prazo hábil dos seguintes anos naturais.

A solicitude conterà en todo caso declaración expresa acerca da vontade do profesional de participar ou non nos módulos de atención continuada ós que se fai referencia no apartado cuarto do presente Acordo.

3.4.- Recibida a solicitude de exención de gardas por razóns de idade, a Xerencia do Hospital dará traslado dela á Dirección Médica para os efectos de que emita informe escrito sobre a súa procedencia nun prazo non superior a tres meses, previa consulta á Xefatura de Servicio e/ou Unidade correspondente.

No suposto de solicitarse a participación nos módulos de atención continuada, o informe da Dirección Médica ó que se fixo referencia no parágrafo anterior incluirá pronunciamento expreso acerca da procedencia e viabilidade desta participación.

3.5.- A Xerencia do Centro, á vista dos informe reseñado no apartado anterior, emitirá a resolución correspondente no prazo de tres meses contados dende a presentación da solicitude. A resolución acordará a concesión ou a denegación da exención solicitada e, se se solicitou a participación nos módulos de atención continuada ós que se fai referencia no apartado cuarto do presente Acordo, incluirá pronunciamento expreso autorizando ou denegando dita participación.

No suposto de que, en aplicación do previsto no apartado 3.4, recaia informe contrario á autorización da exención de gardas médicas, darase traslado del e proposta de solución á Comisión Mixta para que emita o correspondente informe. A Xerencia, cos informes antes citados, dictará a resolución correspondente, que deberá ser motivada no suposto de que sexa denegatoria e incluí-la proposta de solución dos impedimentos existentes.

3.6.- A resolución pola que se acorde a exención de gardas médicas terá carácter definitivo para o profesional para o exercicio correspondente, polo que non poderá desistir dela unha vez adoptada a resolución nos termos previstos no presente Acordo.

3.7.- No suposto de que a resolución denegue a exención de guardias, o profesional poderá reclamar por escrito perante a Comisión Mixta prevista no presente Acordo no prazo de un mes dende a notificación da referida resolución.

3.8.- Transcorrido o prazo máximo de un ano dende a presentación da solicitude, denegada pola Xerencia por necesidades do servico, poderá volverse a solicita-la exención. Neste caso, non procederá de novo a denegación da solicitude pola devandita causa, salvo supostos de carácter extraordinario e excepcional previo informe razoado da Comisión Mixta, co fin de garanti-lo dereito á protección da saúde recollido no artigo 43 da Constitución Española. A resolución favorable adoptarase no prazo de dous meses.

Cuarto.- Módulos de atención continuada.

4.1.- Os profesionais que obteñan a exención de guardias regulada no presente Acordo poderán realizar voluntariamente os módulos de atención continuada que se establezan dentro da organización do traballo do centro para a correspondente especialidade.

4.2.- A prestación dos módulos de atención continuada terá carácter de tempo complementario da xornada ordinaria, polo que non supoñerá minoración desta nin dará dereito a libranza algunha. Polo tanto, a realización destes módulos non eximirá ós facultativos de realiza-la súa actividade ordinaria ó día seguinte.

4.3.- Polas Xerencias das institucións sanitarias de atención especializada do Sergas estableceranse, en programación anual e con referencia ás necesidades asistenciais da institución sanitaria, módulos de atención continuada a desenvolver en horario posterior ás 15 h..

O contido destes módulos de atención continuada deberá referirse a toda a actividade ordinaria.

4.4.- Os módulos de atención continuada desenvolveranse en horario posterior ás 15 horas en réxime de presenza física. Para efectos do seu cómputo, consideraranse como tales módulos ás prestacións efectivas deste carácter de catro horas ininterrompidas de duración.

Os facultativos exentos de gardas médicas conforme ó previsto no presente Acordo que sexan autorizados a participar nestes módulos de atención continuada realizarán alomenos tres módulos ó mes. Por acordo coa respectiva Xerencia poderase pactar a realización dun número superior destes módulos.

4.5.- A autorización para a participación nos módulos de atención continuada terá carácter anual, e entenderase renovada anualmente de forma automática salvo que durante o derradeiro trimestre do ano o facultativo renuncie expresamente e de forma escrita á participación. Dita renuncia non terá efectividade ata o remate do ano en curso.

4.6.- Correspóndelle á Xerencia da institución sanitaria correspondente á programación dos módulos de atención continuada, previa valoración das unidades e servizos e co informe e asesoramento da Xunta Técnico-Asistencial e a Comisión Mixta. Para efectos desta programación terase en conta tanto a actividade previa que viña desenvolvendo cada servizo e unidade como as necesidades asistenciais.

4.7.- A participación dos facultativos nos módulos de atención continuada axustarase á programación establecida pola Dirección do Hospital correspondente.

No suposto de apreciarse na participación nos módulos de atención continuada unha diminución voluntaria e inxustificada do rendimento do profesional, ou incorrer éste en niveis inxustificados de absentismo, pola Xerencia do Centro correspondente, mediante resolución motivada, poderase acorda-la suspensión da súa participación nos módulos de atención continuada. Neste suposto, a Dirección do Centro comunicará tal

circunstancia por escrito ó profesional afectado, para que formule as correspondentes alegacións no prazo de un mes, así como á Comisión Mixta, que decidirá acerca da continuidade ou suspensión definitiva da devandita participación.

As libranzas ordinarias ás que teña dereito ó facultativo non afectarán á súa participación nos módulos de atención continuada programados.

Quinto.- Retribucións

5.1.- A participación nos módulos de atención continuada remunerarase mediante o complemento de atención continuada.

5.2.- A remuneración da atención continuada verificarase tomando como unidades de retribución os módulos ós que se fixo referencia no apartado 4.4 do presente Acordo.

5.3.- Ós efectos de determinar-las retribucións que procedan, considerarase que cada módulo de actividade dos previstos no apartado cuarto do presente Acordo equivale a un módulo de 12 horas de guardia de presenza física.

Sexto.- Organización dos Servicios de Guardia.

6.1.- O disposto no presente Acordo non afecta á actual planificación e organización dos servicios de guardia.

6.2.- Dentro das posibilidades normativas existentes no marco xurídico estatutario vixente, o Servicio Galego de Saúde poderá formalizar nomeamentos e/ou contratos que teñan por causa a realización de guardias médicas, como consecuencia do previsto no presente Acordo.

Sétimo.- Seguimento do Acordo.

Constituirase unha Comisión Mixta de seguimento integrada polas partes subscribintes para efectua-lo seguimento e tratamento de tódalas cuestións que se deriven do presente Acordo.

Octavo.- Vixencia

O presente Acordo entrará en vigor a partires do 1 de xaneiro de 1998 e terá vixencia indefinida. No suposto de que á data de 31 de xaneiro de 1998 non se houberan producido as modificacións legais oportunas que permitan a autorización para a exención de gardas médicas ós facultativos maiores de 55 anos en tódolos casos, este Acordo quedará automaticamente resolto.

Disposición Final

Ámbalas partes, en aplicación dos artigos 30 e seguintes da Lei 8/1987, do 12 de xuño, na súa redacción dada pola Lei 7/1990, do 19 de xullo, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servizo das Administracións Públicas, asumen o compromiso de eleva-lo presente Acordo para a súa articulación á Mesa Sectorial de Sanidade.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 1997.

Delegado Autonómico de CESM-Galicia.

O Director Xeral de Recursos Humanos.

Asdo.: Cándido Andión Núñez.

Asdo.: Valeriano Martínez García.